



R I T U A I S

VAQUEIRO, Vitor
Rituais / Vitor Vaqueiro; textos, Xosé Manuel González Reboredo, Margarita Ledo Andión. — Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, Ponencia de Antropoloxía, 2000. — 142 p. : il. : 35 cm
DL C-1738/2000. — ISBN 84-95415-02-X
1. Ritos e cerimonias-Galicia-Fotografías. 2. Antropoloxía cultural e social-Galicia-Fotografías. I. González Reboredo, Xosé Manuel. II. Ledo Andión, Margarita. III. Título.
394.4(460.11):77
291.3

Vitor Vaqueiro

R I T U A I S

Textos

Xosé Manuel González Reboredo
Margarita Ledo Andión

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Proxecto gráfico
e deseño de cubertas
MANUEL JANEIRO

ISBN 84-95415-02-X
Depósito legal C-1738/2000

Imprime
Imprenta PLANA, S.L. Santiago



Ponencia de Antropoloxía
2000

A FOTOGRAFÍA DE VÍTOR VAQUEIRO VISTA POR UN ETNÓGRAFO

A Antropoloxía naceu na nosa civilización contemporánea como unha disciplina encamiñada a analiza-los seres humanos coma *hominidos*, pero tamén coma *humánidos*, é dicir, como portadores de cultura –ou, mellor dito, de culturas–. A Etnografía, pola súa banda, converteuse nunha disciplina descritiva e clasificatoria que permite compilar datos das sabenzas humanas de maneira ordenada e sistemática, coa finalidade de que poidan ser utilizados ou incluídos nas interpretacións propias da Antropoloxía cultural. Os materiais descritos polo etnógrafo –que frecuentemente coincide na mesma persoa co antropólogo– son de moi variada natureza, como variadas son tamén as facianas que presentan as culturas. Obxectos ou construcións, formas de organización social, pezas do que se vén chamando literatura oral, rituais e crenzas, habilidades e valoracións conceptuais, pero tamén procesos espaciais ou temporais, no que os anteriores elementos se manífestan en permanencia ou cambio, son compoñentes ou indicadores da cultura que o etnógrafo debe documentar coa meirande precisión posible, sen esquecer-la decisiva presenza do ser humano como suxeito axente ou paciente dos fenómenos con el relacionados. Para o observador etnográfico todos se dan simultaneamente e, ademais, están en proceso continuo de redefinición, de adaptación a novas circunstancias e contextos ou de desaparición en ocasións. Mais a súa inevitable obriga é dar conta deles de maneira intelixible, e por iso está necesitado de reducidos á condición de documentos manexables na análise posterior. Diversas técnicas convertéronse en auxiliares imprescindibles para o asunto, moitas delas dependentes dos recursos técnicos, ou tecno-creativos, que en cada momento están ó seu dispor. O debuxo, a gravación magnetofónica, a filmación e, por suposto, a fotografía foron atinxindo a categoría de compañeiros do seu labor porque permiten captar sons e imaxes que se trocan desta maneira en documentos aptos para a elaboración do discurso antropolóxico. Dentro deste feixe de medios dos que dispón o etnógrafo contemporáneo, a fotografía e, posteriormente, a filmación permitiron crear unha área de especialización que vén sendo denominada *Antropoloxía Visual*. Como o tema daría para falar máis do que é recomendable nesta introducción, limitarémonos a dar conta dos achegamentos a esta temática dende o campo estrito da fotografía.

O interese por observar e compilar documentos sobre o “outro” –tanto sobre o outro exótico e distante como sobre esoutro que está á nosa beira, e do que nós mesmos, en boa parte, formamos parte– non é monopolio exclusivo do etnógrafo ou do antropólogo físico ou cultural. Neste sentido hai que destacar que fotógrafos-artistas, reporteiros gráficos ou simples fotógrafos de vila deixaron un inxente material que é admirado e estudiado polos antropólogos. En suma, ó lado da fotografía feita por ou para profesionais das ciencias antropolóxicas, atopamos tamén un importantísimo corpus de documentos de distinta orixe e finalidade ós que lles prestan atención os estudiosos; e, se podemos falar de escritos de denso contido antropolóxico elaborados por persoas alleas á disciplina, tamén podemos atopar repertorios ou series fotográficas nos que a dimensión de comprensión dos seres humanos e a súa cultura chega a cotas de calidade moi elevadas.

O aproveitamento da fotografía con finalidade antropolóxica está presente practicamente dende os albores da técnica fotográfica. Sen aspirar a facer unha enumeración polo miúdo, diremos que Sabin Berthelot foi un dos primeiros estudiosos que aproveitou a fotografía nas súas investigacións. Na súa *Histoire Naturelle des Îles Canariens* (1835-1850) reproduce retratos, como un titulado “Descendant de Canarien” e outro “Habitant de l’île de Palma”. Tamén algunhas asociacións científicas contribuíron a incluí-la fotografía como técnica de compilación de datos. Así, a *British Association for the Advancement of Science* publicou en 1854 un manual de investigación etnográfica no que se recomendaba a obtención de

retratos individuais mediante algún procedemento fotográfico. Por outra banda, a Antropoloxía física desenvolveu a chamada *fotografía antropométrica*, destacando figuras como o británico Lamprey ou o francés Potteau, quen iniciou unha colección de fotografías antropolóxicas a partir de 1860; e tamén, na Península, esta técnica foi utilizada por figuras como Telesforo de Aranzadi. Esta variante da fotografía antropolóxica estivo moi de moda nas derradeiras décadas do século XIX e comezos do presente, cando, á sombra duns estudos en que raza e cultura se consideraban intensamente relacionadas, se desenvolveu unha preocupación, hoxe menos transcendente, por medir cranios ou establecer clasificacións dos trazos fenotípicos externos dos humanos.

Mais, así mesmo, é de salientar que o interese por lograr plasmar ó "outro" en imaxes tivo dimensións distintas das meramente físicas. As coleccións de fotografías feitas sistematicamente coñeceron momentos de gloria gracias a ambiciosos proxectos, encamiñados a dar conta de pobos "exóticos", os seus costumes e as súas pautas de comportamento. Así, expedicións como a de Salzmann (1854), Barclay (1855), Robertson e Beato (1856), Hammerschmidt (1860), Bourne (1860), Thomson (1868), etc., deixaron un importante feixe de fotografías de grupos étnicos de África, India, China, Brasil ou América. A finais do século XIX e nos albores do XX xorden proxectos como o do mecenas francés A. Khan, creador dos *Arquivos do Planeta*, que chegou a xuntar, ó longo de 22 anos, 72.000 placas e 170.000 metros de filme procedentes dos cinco continentes. Mundialmente coñecida, por outra banda, é a figura de E. Sheriff Curtis, fotógrafo e etnógrafo afeccionado, quen publicou unha magna obra en vinte volumes, *The North American Indians* (1907-1930). Dando un salto no tempo, poderíamos cita-lo famoso documental fotográfico sobre Deleitosa (Cáceres) publicado na revista norteamericana *Life* hai case medio século e debido ó repertorio gráfico W. Eugene Smith. Se chamamos a capítulo este último exemplo é porque estamos ante un material de indubidable aproveitamento por parte do antropólogo que, sen embargo, foi debido a un fotógrafo que non se achegara a esta disciplina e que pretendía soamente denuncia-lo réxime vixente en España, pero que se converteu en mensaxeiro involuntario do que era unha localidade cacereña no ano 1950, contribuíndo así a facer unha antropoloxía sen antropólogo. Pola mesma razón habería que destacar, xa dentro da nosa terra, o labor dalgúns fotógrafos que nos deixaron imaxes irrepitibles e de denso contido etnográfico, ou etnohistórico, dentro da súa obra. Citarémo-lo coñecido caso de Xosé Suárez Fernández, que nos anos trinta desenvolveu un interesante labor nas localidades mariñeiras e labregas de Galicia, froito do cal foi unha exposición presentada no ano 1935 no Circulo de Bellas Artes de Madrid. Algunhas coleccións de fotografías de procedencia diversa, como é a publicada con textos de Gonzalo Allegue baixo o título *O oficio de vivir. A terra. O mar. A cidade*, son, pola súa banda, material de necesaria reflexión tanto para o historiador como para o antropólogo, ou para o cidadán en xeral.

A presenza de valiosos materiais debidos a importantes profesionais da fotografía non debe facernos esquecer que os propios etnógrafos ou folcloristas dirixiron ou orientaron o proceso de obtención de imaxes, e eles mesmos foron autores de coleccións fotográficas que, se non destacan pola elevada calidade técnica ou artística, si son documentos estimables ó estar tomados co que poderíamos chamar un "ollo etnográfico", un ollo educado para dirixi-la cámara cara a aspectos que a un profano lle poden pasar desapercibidos. Neste sentido son de salientar, en España, iniciativas como a do *Arquivo de Etnografía e Folklore de Cataluña*, que logrou reunir unha grande cantidade de materiais entre 1915 e 1930. E tamén hai que aludir á interesantísima colección fotográfica de diversas terras peninsulares (Pireneo, Asturias, Galicia, León, Zamora, etc.) que xuntaron os etnolingüistas do Seminario de Lingüística da Universidade de Hamburgo nos anos dez, vinte e trinta do noso século. Dirixidos polo profesor F. Krüger, que contou con colaboradores como Ebeling ou Schneider, estes investigadores fixeron traballo de campo sobre cultura material especialmente, pero tamén sobre festas, familia, etc., en terras como Sanabria, A Limia ou o occidente asturiano e o oriente lucense, deixando un arquivo fotográfico abundante e singular que está sendo dado a coñecer pouco a pouco nos últimos anos –editáronse xa, por exemplo, fotografías do occidente

asturiano, e agardamos que axiña se poidan publica-las correspondentes ó oriente de Lugo-. Nin que dicir ten, por máis abastamento, que os etnógrafos do *Seminario de Estudos Galegos* nos anos vinte e trinta utilizaron a fotografía para ilustrar ou completa-las súas investigacións –o cal se pode comprobar en publicacións como *Parroquia de Velle-*, combinando, o mesmo que máis tarde faría Castelao en *As cruces de pedra na Galiza*, esta forma de documento-ilustración co debuxo.

* * *

Nas liñas que anteceden pretendemos amosar uns cantos exemplos de como a fotografía tivo un papel salientable para os estudos antropolóxicos, tanto na súa condición de fotografía-documento interpretado polo etnógrafo como na outra de documento elaborado polo propio estudioso. No primeiro caso a fotografía nace lonxe da mirada do investigador da cultura, como nacen moitas outras manifestacións que el estudia, pero iso non é impedimento para que poida ser incorporada ó corpus de materiais que permitan unha mellor e máis completa percepción do ser humano como portador de técnicas, capacidades de organización social, ideas e crenzas. No segundo funciona como un documento que lle permite ó estudioso completa-lo seu corpus de datos e mesmo ilustrar graficamente as súas interpretacións. Con todo, a cuestión da utilidade da fotografía como fonte e complemento da análise das culturas humanas coído que precisa dun breve comentario que pasamos a facer.

A obtención dunha fotografía, por parte do etnógrafo ou de quen sexa, persegue unha finalidade básica, que é a de dar conta dunha persoa, feito ou obxecto mediante unha reprodución que aspira a ser espello do retratado. Pero esta reprodución está suxeita a tres condicionantes que é preciso ter en conta. O primeiro deles vén dado porque o fotógrafo-fotógrafo ou o etnógrafo-fotógrafo captan coa súa cámara, e fosilizan en boa medida, instantes dun proceso cultural ou vital. Incluso cando o retratado é un obxecto material, como unha casa ou un apeiro de labranza, resulta difícil que a fotografía, *per se*, dea conta da dinámica en que ese obxecto se insire. Neste sentido, o feito reproducido queda petrificado nunha toma, ou nunha serie de instantáneas, como se fose intemporal e tamén inamovible no espazo. Polo tanto, o proceso xeral do que a secuencia forma parte escapa ás posibilidades da fotografía e, para completalo, é preciso acudir á palabra escrita ou oral que permita contextualizalo na dinámica cultural. No momento en que redacto estas liñas teño diante de min un sinxelo exemplo que serve de modelo para o que estou a dicir. Nun libro de Antropoloxía, debido a Paul Bohannon e publicado co provocativo título de *Para raros nosotros*, podemos ver unha fotografía dun varón do grupo étnico *tiv* de Nixeria rodeado das súas tres mulleres. A ilustración acompaña a unhas páxinas dedicadas á polixinia, algo que queda patente na foto e que calquera observador minimante informado pode intuír sen necesidade de aclaración complementaria longa. Pero o que non permite a ilustración é percibi-la dinámica social a que está sometida a polixinia na cultura *tiv*, na que a muller ten unha capacidade grande de romper co seu vínculo matrimonial. Para entender esta dimensión cultural o autor viuse obrigado a poñer unha aclaración a pé de foto na que se nos informa que esas tres mulleres decidiran, tempo despois de obtida a mesma, abandonar conxuntamente o seu home e deixalo "sentado só no bosque".

O segundo condicionante vén dado por outro feito facilmente constatable. Refírome a que, independentemente de que o autor da foto sexa etnógrafo ou non, a cámara capta sempre o que a retina do manipulador, dirixida pola súa mente, quere e pode ver. Mesmo un etnógrafo informado deixa, conscientemente ou inconscientemente, partes da escena sen reflectir porque non é quen de controlalas no instante ou porque dirixe a súa mirada a aspectos da mesma que son os que máis lle interesan. Neste aspecto podemos afirmar que o etnógrafo lanzado á caza de imaxes da cultura estudiada, o mesmo que o fotógrafo curioso ou artista, é un traductor que utiliza sinédoques, é dicir, as partes polo todo, para dar unha visión dos fenómenos documentados.

En canto ó terceiro condicionante da fotografía como documento etnográfico, preséntase nalgunhas ocasións, non sempre, e vén dado pola propia personalidade ou actitude dos actores. Os que temos algunha experiencia de traballo etnográfico de campo sabemos que as xentes tenden a querer ser fotografadas en poses e circunstancias concretas, impoñéndolle ó estudioso o marco e a actitude que el debe recoller. Iso é o que fai que algunhas ilustracións de importantes monografías etnográficas, nas que se reproducen tipos ou grupos humanos, os actores aparezan co que se vén chamando un *xesto solemne*, xesto que non responde á naturalidade do individuo ou individuos. Nas ilustracións que acompañan á edición española do libro de B. Malinowski: *La vida sexual de los salvajes del noroeste de la Melanesia* pódense ver exemplos como o do número 13: "Mulleres ataviadas", ou o do 42: "O manto do embarazo", onde a postura solemne parece inevitable para a temática reflectida, pero tamén para a "importancia" da personaxe fotografada. Teño que confesar que ás veces o propio etnógrafo é vítima deste feito, e eu mesmo conto no meu arquivo particular con fotografías en que aparezo no medio de informantes con ese *xesto solemne* do que estamos a falar.

Malia todas estas limitacións, e outras de carácter técnico que non ousamos propoñer, a fotografía converteuse nun auxiliar fundamental nos estudos de Etnografía, complementando, documentando e ilustrando coas súas imaxes calquera estudio deste tipo tanto hoxe coma onte. E isto é así porque, como xa resaltou hai anos Walter Benjamin, a fotografía funciona en boa medida como a memoria humana, a cal fixa instantes precisos para resucitalos cando a circunstancia o esixe ou permite, incardinando a lembranza en novos discursos, ou utilizándoa para renovadoras interpretacións da vida, da natureza ou das actividades, ideas e crezas dos seres humanos. A fotografía, o mesmo que o recordo arquivado na memoria e explicitado no momento oportuno, non é un documento aséptico, senón un medio de establecer un diálogo múltiple entre o autor, o feito ou persoa retratados e as xentes que poden vela e interpretala, con ou sen axuda do estudioso. Como calquera outra técnica creativa ó servizo do coñecemento, completa o conxunto de documentos recollidos no traballo etnográfico de campo, pero, por riba diso, suxire de maneira privilexiada aproximacións conceptuais ou estéticas ós fenómenos técnicos, sociais e culturais. Cobra autonomía como elemento de reflexión, mais tamén como instrumento da memoria individual e colectiva, en tanto que permite a reversibilidade do pasado e a súa análise en clave de presente. Posta, en definitiva, en relación con outros documentos contribúe a lograr esa visión interpretativa dos feitos, que é a aspiración última da Antropoloxía. E fáino, como vimos insistindo, non só dende o material recollido polo estudioso, senón tamén dende as fotografías familiares, artísticas ou de reporteiro, que poden ser observadas e consideradas como un documento máis no proceso interpretativo dos seres humanos e as súas culturas. Hai que destacar neste sentido que Ernő Kunt, húngaro falecido no ano 1994, foi un pioneiro neste campo ó poñer en funcionamento un Departamento de Antropoloxía Visual no que se estudia, por exemplo, o significado cognitivo e emocional das fotografías enmarcadas que se poden atopar nas casas campesiñas.

Nos parágrafos anteriores fixemos fincapé na fotografía como medio para o coñecemento antropolóxico; pero tamén advertimos que, ademais de medio, ten fin en si mesma, en tanto que nos permite activar tanto a memoria individual ou colectiva como o que poderíamos chamar un "pensamento visual", que reflicte a visión do fotógrafo ou a do fotografado e a dos futuros visualizadores dos materiais. Todos eles transmiten ou propoñen mensaxes da fotografía que facilitan a elaboración dunha linguaxe comunicativa de carácter visual. Neste marco da fotografía con fin en si mesma pretendo situar a colección que presenta este libro, debida a Vitor Vaqueiro. Del, da súa obra, da memoria que evoca e do pensamento que suscita voume ocupar nas páxinas que seguen, a petición xenerosa do propio autor.

* * *

Se o contexto vital de calquera creador ou investigador pode servir de marco inicial axeitado para coñecer-los valores da súa obra, é evidente que a temática proposta nesta colección de fotografías, así como as claves interpretativas das mesmas, están, ó meu modo de ver, intimamente vinculadas á traxectoria vital de Vitor Vaqueiro. Home fondamente preocupado por Galicia e a súa cultura, e comprometido coa súa

posta en valor, non soamente fixo importantes contribucións no campo da creación literaria, senón que tamén se achegou ó pobo de dúas maneiras que é preciso salientar. Unha, como autor de escritos en que se recollen moradas do vivir galaico no que respecta á tradición oral, cun exemplo tan destacado como o seu recente libro titulado *Guía da Galiza máxica, mítica e lendaria*. A outra como fotógrafo atento ó dato de cultura popular que agroma por toda a nosa xeografía, e atento de maneira especial, ademais, a un aspecto desa cultura do pobo que é a festa, un feito social total en terminoloxía de Mauss. Esta dobre vertente do seu múltiple labor diario permite consideralo como fotógrafo e etnógrafo simultaneamente, como home que ten educada a súa mente e a súa mirada, proxectada no obxectivo da cámara, para captar esenciais dunha cultura galega en continuo movemento, en permanente diálogo entre tradición e modernidade, elaborada entre determinantes emanados do poder e manifestacións das xentes sinxelas que adaptan de maneira peculiar e creativa as incitacións chegadas de arriba ou de fora á súa circunstancia vital concreta. Lembraei como mostra que tiven a honra de que el ilustrara un escrito meu, *Guía de festas populares de Galicia*, e puiden comprobar que era tanto un fotógrafo imaxinativo nas súas interpretacións visuais como un coñecedor da nosa cultura tradicional e popular que podía mesmo asesorar, corrixir e amplialo discurso de calquera pretendido especialista no tema. En resumo, aprendín con el que o ollo dun fotógrafo conceptualmente ben equipado pode chegar a feitos, obxectos e circunstancias vitais que, por veces, escapan á mirada do estudioso, ou, polo menos, fano gracias á peculiar perspectiva que el nos amosa. Nun achegamento inicial ás imaxes presentes neste libro tratarei de ilustrar parcialmente esta capacidade, estimuladora dun pensamento visual sobre a festa en Galicia, mais tamén sobre a dignidade humana en xeral. Centrarei as miñas verbas en catro aspectos concretos que enumero primeiro e logo desenvolvo:

1. A dimensión de activación da memoria colectiva galega mediante as imaxes.
2. A capacidade de suxerir no conxunto de testemuños gráficos que a festa, malia a fosilización das formas e personaxes propia da imaxe fotográfica, é un proceso tanto ou máis que un feito.
3. A mestría para destacar, con personaxes festivos de Galicia, un universal que é a dignidade humana.
4. A creatividade manifesta na arte de poñer diante dos nosos ollos miradas peculiares, mesmo desconcertantes, de aspectos da festa que poden parecer marxinais, pero que encerran unha interpretación persoal, irrepitible, do fenómeno festivo galego.

O primeiro punto destacado lévanos á dimensión da fotografía como instrumento para manter a nosa identidade galega, como maneira de arquivar nas nosas lembranzas feitos e personaxes que forman parte indisoluble dos galegos como un pobo con formas culturais vividas e sentidas como propias. Unha das preguntas que os periodistas interesados na nosa cultura tradicional acostuman formular é se tal ou tal rito, ou creza, ou obxecto, ou xesto son únicos de Galicia. Parece funcionar na súa mente un principio segundo o cal non hai identidade se non hai diferencialismo formal absoluto cara a fóra e uniformidade tamén absoluta cara a dentro. Os etnógrafos sabemos que as cousas non son sempre así, e menos na nosa área de civilización, onde, dende épocas moi antigas ata a contemporaneidade, os pobos de Europa coñeceron o espallamento de formas de cultura por todo o continente. En realidade boa parte das nosas festas, cos seus personaxes e rituais, teñen abondosos paralelos noutras terras europeas. As máscaras de Entroido que portan chocas, do tipo *volantes* (vid. p. 33), *felos* (p. 47), *pantallas* (p. 49) ou *boteiros* (pp. 57 e 58-59), teñen parentes máis ou menos achegados noutras terras peninsulares e de Europa en xeral. Moitas romarías e celebracións relixiosas, como a do Corpus coa súa correspondente coca en Redondela (p. 103), foron na súa orixe festas fomentadas por un universalismo cristián e nalgún caso –como sucede co citado Corpus– xurdiron por primeira vez en lugares e datas históricas ben documentadas. Pero esta dimensión supragalega de formas festivas hai que entendela como algo meramente formal ou conceptual

en orixe, e non como unha mostra de falta de personalidade cultural por parte do noso pobo, pois a combinación dos diversos trazos festivos mesmo en cada localidade, así como o feito de que a festa sexa vivida nun *hic et nunc* concreto, ordenando afectiva e conceptualmente de maneira específica os distintos compoñentes, fai que a mesma se converta en algo único e irrepitible, e poida erixirse como signo ou símbolo de identidade local e galega en xeral, segundo a interpretación que se lle queira dar. As fotografías de Vitor Vaqueiro inclúen festas do ciclo anual como o citado Entroido, ou os Maios (pp. 96-97), ou os Defuntos (pp. 120-123), romarías como a de San Bieito da Cova do Lobo (p. 64) ou a de Nosa Señora das Marabillas (p. 63), e procesións de advocacións locais, como a do Cristo da Victoria (pp. 82-83). Todas elas presentan aspectos concretos –ás veces moi concretos– dunha variada gama de festividades que permiten establecer un *continuum* entre a identidade local e a universal, pero que tamén son susceptibles de ser vistas como documentos dunha cultura variada e peculiar no seu conxunto, como é a cultura que hoxe todos consideramos, por convención universalmente aceptada, como galega.

Continuámo-la nosa reflexión de urxencia falando do segundo aspecto salientado. Efectivamente, as festas de Galicia, como as de calquera outra parte, poden manter unha continuidade no tempo como tales, pero sempre se producen pasenfiamente nelas transformacións, nas que elementos herdados do pasado se mesturan con continuas contribucións novas. En realidade a festa supón un continuo diálogo entre tradición e actualidade, entre pasado e presente, entre memoria e innovación. E esta dimensión procesual da festa está tamén plasmada nas imaxes que nos facilita o artista fotográfico. Primariamente coa incorporación de elementos tecnolóxicos dos nosos días en festas consideradas como tradicionais, do que é mostra o tractor que, conducido por un enmascarado vestido de monxa, aparece portando a *Micaela*, boneco personificador do Entroido en Buño (p. 77). Dunha maneira máis simbólica, pero suxeridora á fin, na presentación dunha instantánea tomada na romaría de San *Benitiño* de Lérez (pp. 84-85), onde aparece unha rapaciña que, de acordo coa miña lectura –co pensamento visual que a fotografía activa na miña mente–, representa un presente constante –a xuventude– ó lado dun deses “artiluxios” modernos nos que, tras introduci-las correspondentes moedas, pode un coñece-lo seu futuro. A máquina serve, na miña peculiar ollada, de enlace entre o presente da mocía, o pasado eterno da actividade divinatória e, como non, ese futuro que se pode albisar cando se coñece a finalidade do enxeño. Non menor dimensión simbólica pode te-lo autobús de romeiros a Santo Andrés de Teixido (p. 86-87); se o santuario de Teixido representa para moitos galegos unha permanencia no tempo, documentada pola historia e pola tradición, a aparentemente insólita imaxe parece falarnos dos cambios experimentados nesta romaxe tan fondamente apegada á nosa terra. Hoxe os romeiros xa non percorren a pé o vello camiño dende Porto do Cabo –aínda que sería interesante revitalizar esta verea tan nidiamente galega, agora que está tan de moda fomentar outras para os forasteiros que veñen a Compostela–, senón que son excursionistas en autocar, independentemente de que moitos deles aínda conserven unha moi vella devoción e mesmo algún poida imaxinar que canda el ou ela viaxa a ánima dalgún parente que non acudiu a Teixido en vida, como manda a tradición. Este diálogo impactante entre tradición e modernidade maniféstase, no noso xuízo, noutras mostras xurdidas da mirada específica, irrepitible, de Vitor, como se pode apreciar na fotografía dedicada ó entroido allaricense, onde o boneco evocador de Don Carnal, ergueito, como é tradicional, na cima dun poste (p. 65), contrasta coas tan pouco tradicionais pintadas lexibles no fondo da escena, que evocan un clamor radical e actual de liberdade nas paredes dunha casa, con outra evocación do pasado: o escudo heráldico que a preside.

Mais a colección de fotografías aquí presentada pon de manifesto que Vitor Vaqueiro é un home galego que está preocupado pola dignidade do ser humano sen distinción de clase, raza ou cultura. En boa parte delas os homes e mulleres son presentados nunha actitude de *xesto solenne* que non é froito exclusivo do desexo dos personaxes, senón sobre todo da intencionalidade do fotógrafo. Non importa en que situación, individual ou grupal, se atopen os actores, nin se están vestidos ou non con vestimentas formalmente específicas de certas festas. O que parece transcender a tanto colorido variado e a tanto

barroquismo festivo é ese universal da dignidade humana, ese desexo de converte-lo ser humano en centro da nosa mirada e da nosa reflexión. Non cabe dúbida, neste sentido, que Vitor ama o ser humano e respéctao fondamente. E para ilustración disto basta percibi-la dignidade con que son representados os personaxes do Entroido de Cobres (pp. 24, 25 e 113), a mocía na romaría de San *Benitiño* de Lérez (p. 30), a Eva ou o Adán da festa do 3 de maio en Laza (pp. 106-107), os confrades de Viveiro (p. 69), etc. Das numerosas mostras desta dimensión quero salientar, de tódolos xeitos, tres que me chamaron poderosamente a atención. A primeira é a reprodución dun momento da festa de San Bartolomeu de Cariño (p. 43), na que aparece un inocente sentado nas andas do santo cunha pose de solemnidade que o converte en imaxe decisiva do principio de que o home foi creado a imaxe e semellanza do sagrado, feito acentuado polo seu contacto coa representación plástica dun ente sacro que lle serve de respaldo; a outra é a do meniño vestido con hábito, que está tamén sedente nun momento indeterminado da procesión do Divino Nazareno da Pobra do Deán (p. 117), onde vemos desenvolvido ese principio de dignidade humana aplicado ó mundo da infancia. Estas dúas mostras invítannos a pensar que Vitor Vaqueiro é un herdeiro, en clave de contemporaneidade, dun pensamento medieval no que o inocente e o neno eran considerados como máis próximos á verdade –nese contexto do Medioevo a verdade era a verdade divina– que o resto dos mortais, pois conservan unha pureza incontaminada que ten apoio nos mesmos textos bíblicos. En canto ó terceiro exemplo, podemos atopalo nunha escena da procesión coa caveira de San Francisco Blanco (p. 29), que permite supera-lo macabrisimo para intentar albisar que pode haber tamén dignidade despois da morte.

Se os aspectos que acabamos de comentar, sempre de acordo co pensamento visual que a imaxe activa na miña mente, paíran en grande parte da serie de fotografías, por moito que os exemplificásemos en casos concretos, tamén está presente na totalidade da mostra o cuarto feito que apuntamos e que se refire á capacidade recreadora que posúe Vitor Vaqueiro. Porque Vitor, como sinalamos anteriormente, ademais de etnógrafo e fotógrafo “técnico”, inventa –no sentido de descubrir e crear simultaneamente– unha mirada persoal dirixida á festa. Domina esa arte de conseguir que as imaxes captadas pola cámara adquiren valor en si mesmas e non sexan meras reproducións mecánicas de escenas impresionadas nun negativo fotográfico. De aí que o seu ollo sexa un ollo ás veces insólito e desconcertante, capaz de obrigar a que o observador medite á procura dos múltiples significados que se poden extraer da ollada ó testemuño fotográfico. ¿Quen non se sentirá descolocado, mais incitado a reflexionar á vez, ante instantáneas como a que capta o *maio*, ou ramo da festa de maio, de Laza a carón dun taboleiro de anuncios no que aparece representada a Virxe flanqueada por dous manuscritos (pp. 22-23)? ¿Quen non se poderá ver tentado de considerar que o galo situado no ramo, e enfrontado á figura mariana, quizais se poida trocar en símbolo dunha Galicia eterna en diálogo silencioso coa figura feminina pura por antonomasia –diálogo que podería ser complemento do outro que nesta data establecen, tamén en silencio, os personaxes de Adán e Eva–? ¿Quen non se sentirá obrigado a iniciar unha reflexión sobre a natureza humana por incitación do *irriño* de Castro Caldelas (p. 104-105), que parece estar meditando sobre o feito de ser un *eu* ou un *eu-outro* baixo unha máscara? ¿E non haberá alguén que aproveite as fotografías dedicadas ó Santo Cristo de Xende (p. 81) ou do sacramento de Amil (p. 89) para iniciar unha meditación sobre a transcendencia?

Neste aspecto a obra de Vitor presenta unha infinita variedade de insinuacións, polo que me limito a deixar propostas algunhas das posibles interrogantes, á espera de que as mentes dos observadores, axudadas polos seus ollos, fagan outras preguntas e procuren, así mesmo, respostas. Porque se a arte foi valorada durante tempo en función do autor, e logo en función da obra, tamén temos que deixar marxe para que o lector ou observador nos dea claves que permitan facer un xuízo dende as súas visións específicas. Con todo, penso que non erro se confirmo a calidade do fotógrafo precisamente porque deixa portas abertas para que todos poidamos facer unha lectura variada dunhas obras que se caracterizan pola fonda polisemia, pola capacidade de liberar múltiples mensaxes.

* * *

Vai sendo hora de que esta introducción chegue á súa fin. Nas páxinas que anteceden intentei dar algunhas mostras da importancia que tivo, e ten, a fotografía como fonte para a elaboración dun coñecemento antropolóxico. A continuación pretendín apuntar algúns dos problemas que presenta a fotografía-documento, feito que non impide que esta técnica chegase a ser importante para o discurso sobre o ser humano e a súa cultura. Finalmente, xa mergullado na obra concreta de Vitor Vaqueiro, desenvólvin unhas illadas consideracións para suxerir que nas súas fotografías podemos atopar uns documentos destacados que permiten elaborar criterios diversos para entendérmonos como galegos e como homes. Mais convén deixar claro que as miñas palabras non son máis que un primario achegamento ás moitas mensaxes que o artista captou coa súa mirada. A colección de fotografías agora dadas ó prelo, unha pequena parte do moito que Vitor ten traballado neste eido, son boa mostra de que a ollada artística, o mesmo que a palabra poética, pode explorar mundos moito máis ricos e variados que os percibidos por doutos e graves estudiosos da cultura.

Xosé Manuel González Reboredo
Santiago de Compostela, xuño de 1999

O FASCINIO DO SEGREDO, A IRONÍA DA SÚA VISIÓN

*Et ses corps les uns dans les autres sont les
corps de L'Éternité.*

Jean Cocteau

Fotografar ó outro, ese mal de amores que nos trae un retrato para a man e nos leva xusto para a fronteira onde lúen o real coa ficción comeza, para nós, coa substitución do soberano pola cidadanía, co recambio de deus por un personaxe que entra en relación coa máquina de fotografar. O retrato do soberano, o retrato de deus, faise con óleo e nel tense que ver, sobre todo, o xenio do artista. O retrato do individuo faise de sal e nel ollas, unha vez e outra, ós teus, ós teus amigos, a quen foi, algures, o teu amor.

Desde que fai a súa aparición por entre o público, é dicir, por entre o laicismo da segunda revolución industrial, o retrato sitúa canda el e desenvolve dende si propio un concepto arestora elitista como o da seducción. A xente quere ter unha foto, todo o mundo quere facer fotos. Como profesión (para a ciencia, o comercio, a prensa, a administración...), como deleite íntimo, como *souvenir* en lugar da paisaxe, como desexo do que está máis aló. A pesar de reproducir, tanto na forma como na escena, as convencións pictóricas, a foto comeza axiña a se arredar do cadro pola súa función social e axiña ousará enxergar nun dos prodixios da expresión humana: a emoción a partir do real. Dun estrañamento en falso que dicta a sublimación burguesa para a cabeza e mailo corazón, a foto vai ter que procurar de novo a conxunción de estética e política, de beleza e verdade, dos sóviets maila electricidade.

As fotografías de Vitor Vaqueiro parten do interior da cultura da foto e da práctica do retrato, e escollen como albo a tentativa de construí-la imaxe do outro, ese mal de amores, dende a cultura da foto como un activo da Modernidade, naquelo que non deu pasado á conciencia xeral: a ficción –ou as situacións para-ficcionais– como proceso para a verdade, como entrada complexa no real, e dende a marca, o sinal, a inscrición do real.

